

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE AFECTADOS POR TRANSPLANTES MEDULARES (ASOTRAME GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO NO HOSPITAL UNIVERSITARIO DE OURENSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o Xerente da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por delegación de sinatura do Conselleiro de Sanidade, en calidade de Presidente do Servizo Galego de Saúde, formalizou o día 21 de maio de 2026 coa Asociación Galega de Afectados por Transplantes Medulares (ASOTRAME Galicia), o instrumento convencional arriba referido, que terá unha vixencia de catro anos dende a a súa sinatura.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo:

"1. O presente convenio regula a actuación do voluntariado de ASOTRAME no Hospital Universitario de Ourense co obxectivo de facer máis agradable e levadeira a estancia aos pacientes ingresados e as súas familias.

2. Proponse por parte da asociación unha oferta de colaboración que incorpora entre outros posibles proxectos futuros, os seguintes:

*a) **Proxecto voluntariado na planta de hematoloxía.** Esta iniciativa ten como finalidade facilitar o acompañamento entre persoas que comparten a experiencia da enfermidade oncohematolóxica, poñendo en contacto a unha persoa recentemente diagnosticada ou en proceso activo de tratamento cunha persoa que xa superou a enfermidade. O obxectivo é favorecer o intercambio de vivencias, experiencias e recursos de afrontamento desde unha perspectiva respectuosa e centrada na persoa.*

*b) **Proxecto luces de cores.** Preténdese integrar nas plantas de hematoloxía dos centros hospitalarios ao longo de todo o ano, o desenvolvemento de talleres creativos e de expresión artística para contribuír na mellora dos pacientes. Esta iniciativa pretende combater a especial dureza do longo ingreso e de determinadas épocas do ano como, por exemplo, o nadal. Realizaranse postais do Nadal, que estarán expostas os meses de decembro e xaneiro e repartiranse posteriormente entre as persoas da planta de Hematoloxía. Ademais, dentro deste proxecto*



intégranse diferentes propostas como talleres de música levados a cabo por persoas voluntarias.

*c) **Como na casa.** Búscase proporcionar unha atención integral e unha vivenda de estancia temporal, a persoas afectadas por algún tipo de patoloxía oncohematolóxica e aos seus familiares. O piso de estancia temporal pretende facilitar un espazo onde as persoas beneficiarias poidan sentirse cómodas e, ademais, paliar o impacto económico que supón desprazarse a outra área sanitaria para recibir un tratamento. Será unha persoa do equipo técnico quen vele polo cumprimento do protocolo interno de funcionamento do piso e da xestión dos recursos da vivenda.*

*d) **Humanización do andar de hematoloxía.** Realizarase a través de diferentes exposicións ao longo do ano.*

3. Será destinatario das actuacións dos proxectos de referencia, tanto o colectivo de pacientes con enfermidades oncohematolóxicas, que reciben tratamento na área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras como os seus familiares."

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

"Que o Servizo Galego de Saúde, a través da xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, é sensible aos fenómenos que poidan redundar nunha maior cohesión social, recoñecendo o importante papel de ASOTRAME. Por iso, sendo consciente da necesidade de promover e coordinar actividades dende postulados flexibles que permitan unhas regras básicas para o desenvolvemento da súa acción, en campos como a saúde, está interesada en colaborar con ASOTRAME. Neste sentido, o 19 de setembro de 2025 asinouse entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e ASOTRAME un convenio marco para o fomento da doazón de proxenitores hematopoéticos e acompañamento de pacientes e familiares.

Que co obxecto de desenvolver o convenio marco, o Servizo Galego de Saúde a través da xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, quere fomentar o voluntariado a través de programas de colaboración."

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse





xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

